



www.oqueleo.com

Título orixinal: LES RÉCRÉS DU PETIT NICOLAS

O Nicolasiño, os personaxes, as aventuras e os elementos característicos do universo do Nicolasiño, son unha creación de René Goscinny e Jean-Jacques Sempé. Os dereitos de depósito e de explotación de marcas ligadas ao universo do Nicolasiño quedan reservados a IMAV éditions. Le Petit Nicolas® é unha marca rexistrada verbal e figurativa. Todos os dereitos de reprodución ou de imitación da marca e de calquera dos seus logos están prohibidos e reservados.

© 2013, IMAV éditions/Goscinny-Sempé

Première édition en France: 1961

© Da tradución: 2017, Antón Palacio

© Desta edición:

2017, Santillana Infantil y Juvenil, S. L. e Edicións Obradoiro, S. L.

Entrecercas, 2. 15705 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 55 27 40

ISBN: 978-84-16834-22-8

Depósito legal: M-1070-2017

Printed in Spain - Impreso en España

Primeira edición: marzo de 2017

Directora da colección:

Maite Malagón

Editora executiva:

Yolanda Caja

Dirección de arte:

Xosé Crespo e Rosa Marín

Proxecto gráfico:

Marisol del Burgo, Rubén Chumillas, Ester Marín, Julia Ortega

e Álvaro Recuenco


Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei. Diríxase a CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos, www.cedro.org) se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

Os recreos do Nicolasiño

Goscinny-Sempé

oquele_o

A Gilberte Goscinny.



Expulsaron a Alcestes



Ocorreu unha cousa terrible na escola: expulsaron a Alcestes! Todo pasou durante o segundo recreo da mañá.

9

Estabamos todos xogando tranquilamente ao balón prisioneiro. Xa ben sabedes como se xoga: o que ten o balón é o cazador; entón, co balón intenta cazar —darlle unha pelotada— a un compañeiro e entón o compañeiro chora e tócalle tirar a el. É xenial. Os únicos que non xogaban eran Godofredo, que faltaba hoxe, Agnan, que sempre repasa as leccións durante o recreo, e Alcestes, que estaba comendo a súa última rebanda de pan con manteiga e marmelada da mañá. Alcestes garda sempre a rebanda máis grande para o segundo recreo, que

10 é un pouco máis longo ca os outros. O cazador era Eudes, e iso non pasa case nunca porque, como é moi forte, sempre procuramos non cazalo co balón, porque manca moitísimo cando lle toca tirar a el. Ben, pois Eudes apuntoulle a Clotario, que se tirou ao chan coas mans na cabeza, de xeito que o balón lle pasou por riba e, plaff!, foi pegar no lombo de Alcestes, que soltou a súa rebanda e caeulle ao chan polo lado da marmelada. Iso non lle gustou nin unha miga a Alcestes, que se puxo todo rubio e empezou a botar gallamoutos, e entón o Caldolimpó —que é o noso vixilante— veu correndo para ver o que pasaba. O que non viu foi a rebanda, así que a pisou, esvarou e estivo a piques de caer. O Caldolimpó quedou moi sorprendido cando viu que tiña o zapato cheo de marmelada. Alcestes púxose coma unha fera corrupta, empezou a axitar os brazos e berrou:

—Maldita sexa! É que non pode mirar onde pon os pés? Xa está ben, en serio!

Alcestes estaba furibundo. Cómpre dicir que non se pode andar con chacotas coa súa comida, sobre todo cando se trata da rebanda do segundo recreo. Pero o Caldolimpo tampouco estaba alá moi contento.

—Míreme ben aos ollos —díxolle a Alcestes—. Que é o que dixo vostede?

—Dixen que maldita sexa. Non ten vostede dereito a pisar as miñas rebandas! —berrou Alcestes.

11

Entón o Caldolimpo agarrou a Alcestes polo brazo e levouno a canda el. O Caldolimpo facía chuíc, chuíc ao andar por mor da marmelada que levaba no pé.

Deseguida o señor Mouchabière tocou a campá da fin do recreo. O señor Mouchabière é un vixilante novo e aínda non tivemos tempo de lle atopar un alcume xeitoso. Entramos na clase e Alcestes aínda non volvera. A mestra estaba estrañada.

—Pero, e logo onde se meteu Alcestes? —preguntounos.

Iamos todos responder cando se abriu a porta da clase e entrou o director con Alcestes e o Caldolimpo.

—En pé! —dixo a mestra.

—Senten! —dixo o director.

12 O director non parecía moi contento, e o Caldolimpo tampouco. Alcestes tiña toda a súa papuda cara chea de lágrimas e sorbía os mocos.

—Queridos pequuchos —dixo o director—, o comportamento do seu compañeiro co Cald... co señor Dubon foi dunha grosería incualificable. Non podo encontrar excusas para semellante falta de respecto cara a un superior que, ademais, é unha persoa maior. Por conseguinte, o seu compañeiro queda expulsado. É evidente que non se parou a pensar no inmenso desgus-



to que lles vai causar aos seus pais. E se no futuro non se emenda, acabará no cárcere, que é o destino inevitable de todos os ignorantes. Que isto lles sirva de exemplo a todos vostedes!

E entón o director díxolle a Alcestes que recollese as súas cousas, e Alcestes foi chorando a recollelas e despois marchou co director e co Caldolimpo.

Quedamos todos moi tristes. A mestra tamén.

—Vou intentar amañar isto —prometeunos.

Hai que ver o riquiña que é a mestra ás veces, de verdade!

Cando saímos da escola, vimos a Alcestes, que nos agardaba na esquina de en fronte comendo un bolo de chocolate. Cando nos achegamos a el tiña un aspecto do máis triste.


—E logo aínda non volviches á casa? —pregunteille.

—Pois non —dixo Alcestes—, pero vou ter que ir porque é a hora de xantar. Aposto a que

mamá e papá me deixan sen sobremesa cando llelo conte todo. Ai! Xúrovos que hai días que...

E Alcestes marchou arrastrando os pés e mastigando amodiño. Case daba a impresión de que se esforzaba en comer. Pobre Alcestes! Estabamos moi moi preocupados por el.

14 Despois, pola tarde, vimos chegar ao cole á nai de Alcestes, con cara de ferreiro e con Alcestes collido pola man. Entraron no despacho do director, e o Caldolimpo tamén.



E de alí a un chisco, cando estabamos na clase, o director entrou con Alcestes, que lucía un gran sorriso.

—En pé! —dixo a mestra.

—Senten! —dixo o director.

E entón explicounos que decidira concederlle outra oportunidade a Alcestes. Dixo que o facía pensando nos pais do noso compañeiro, que estaban tristísimos ante a idea de que o seu fillo podería converterse nun ignorante e acabar no cárcere.

—O seu compañeiro presentoulle desculpas ao señor Dubon, que tivo a bondade de aceptalas —dixo o director—. Espero que o seu compañeiro saiba agradecer tamaña indulxencia e que a lección recibida dese os seus froitos e lle servise de advertencia para que, no futuro, saiba redimir coa súa conduta a grave falta que hoxe cometeu. Non é así?

—Pois... si —contestou Alcestes.

O director mirouno, abriu a boca, ceibou un suspiro e marchou.

Nós estábamos enormemente contentos. Puxémonos a falar todos á vez, pero a mestra deu un golpe coa regra na súa mesa e dixo:

—Sentade todos. Alcestes, vai para o teu sitio e pórtate ben. Clotario, sae ao encerrado.

16 Cando tocaron para o recreo baixamos todos menos Clotario, que estaba castigado, coma sempre que lle preguntan. No patio, mentres Alcestes comía o seu bocadillo de queixo, preguntámoslle o que pasara no despacho do director, e nestas chegou o Caldolimpo.

—Veña, veña —dixo—, deixen tranquilo o seu compañeiro. O incidente desta mañá xa está saldado. Vaian xogar! Veña!

E agarrou polo brazo a Maxencio, e Maxencio empuxou a Alcestes e o bocadillo de queixo caeulle ao chan.

Entón Alcestes mirou para o Caldolimpo, púxose todo rubio, empezou a axitar os brazos e berrou:

—Maldita sexa! É increíble! Volta a facerme o mesmo! É que é vostede incorrizable, en serio!

